

**ACTA NÚM. 4/2021.**

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE BRIÓN O DÍA 31 DE MAIO DE 2021.**

No salón de plenos da Casa do Concello de Brión, sendo as 13,00 horas do día 31 de maio de 2021, reuníronse por vía telemática por mor do Covid-19, en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as de seguido relacionados, baixo a presidencia do Sr. Alcalde PABLO LAGO SANMARTÍN, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria correspondente ao día da data para a que foron previamente citados.

ALCALDE:  
PABLO LAGO SANMARTÍN.(PSG-PSOE).

CONCELLEIRAS/OS PRESENTES:

-. PSG-PSOE:  
CARLOS NOYA PEREIRA.  
JOSÉ LUIS SAMPEDRO BOUZAS.  
SANDY MARIE CEBRAL GÓMEZ.  
MARÍA GUARINA REY VÁZQUEZ.  
MARÍA ROSA ROMERO FARIÑA.  
MARÍA CARMEN TOUCEDA FREIRE.

-. PP:  
MARÍA FARIÑA BELLÓN.  
WALDO CARBALLO GARCÍA.

-. BNG:  
FRUCTUOSO SOUTO CASTIÑEIRA.  
XOSÉ LUIS PENAS CORRAL.

Non asiste:  
YOLANDA BOUZAS ALFONSÍN.  
NATALIA FARIÑA GARCÍA.

Secretario: Javier Nieves González, secretario do Concello.

Asiste a interventora do Concello Ana Isabel Candame Areosa.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, polo Sr. Alcalde declarouse público e aberto o acto, adoptándose os seguintes acordos:

---

**1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 21.04.2021.**

**2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO 2021.**

---

**1º) APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DO 21.04.2021.**

De conformidade co artigo 91 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, preguntouse se algún membro do Pleno tiña que formular algunha observación ou reparo á acta da sesión anterior núm. 3/2021, do 21.04.2021.

Sometida a votación, o Pleno do Concello por unanimidade dos once membros presentes accorda aprobala.

## **2º) APROBACIÓN DA PROPOSTA DA ALCALDÍA SOBRE DESESTIMACIÓN DE ALEGACIÓN E APROBACIÓN DEFINITIVA DO ORZAMENTO 2021.**

Dada conta da proposta da alcaldía coa emenda de adición ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa Especial de Contas ( Permanente de Facenda), en sesión do 28.05.2021, que transcrita di:

Resultando que o Pleno en sesión de data 21 de abril de 2021 aprobou inicialmente o orzamento xeral para o ano 2021, as súas bases de execución e o cadro de persoal para dito exercicio.

Resultando que o orzamento foi sometido ao trámite de información pública consonte co disposto no art. 169 do R.D. Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio publicado no BOP do 27 de abril de 2021 e no taboleiro de edictos do concello.

Resultando que no trámite de exposición pública foi presentada unha reclamación polo Sindicato Comarcal de Galicia - Barbanza da FSC de CCOO, do 29.04.2021, con rexistro de entrada REGAGE21e00006211317, do 30.04.2021.

Visto o informe de intervención, que transcrito di:

### **1.- ANTECEDENTES:**

Primeiro. En sesión plenaria do 21.04.2021 préstase aprobación inicial o orzamento municipal 2021. O dito orzamento sométese a exposición publica por prazo de 15 días hábiles mediante anuncio no BOP nº 77 do 27 de abril. O prazo de exposición pública comprendeu do 28.04.2021 ata o día 20.05.2021, ambos incluídos.

Segundo. Durante o prazo de exposición publica o Sindicato Comarcal de Galicia - Barbanza da FSC de CCOO presenta alegacións con rexistro de entrada REGAGE21e00006211317, do 30.04.2021.

### **2.- LEXISLACIÓN APLICABLE:**

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa (LRXCA).
- Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL).
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP).
- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TRLEBEP).
- Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores (TRLET).
- Real Decreto-lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.
- Real Decreto-lei 2/2020, do 21 de xaneiro de 2020, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.
- Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021. - Convenio Colectivo do persoal laboral ao servizo do Concello de Brión (BOP nº 43 de 01/03/2019).

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.**

Primeiro.- Normativa aplicable.

O procedemento de elaboración e aprobación dos orzamentos municipais ven contemplado nos artigos 168 e seguintes do TRLRFL.

“Artigo 168. Procedemento de elaboración e aprobación inicial. (.....)

4.- Sobre a bases dos presupostos e estados de previsión a que se refiren os apartados anteriores, o presidente da entidade formará o presuposto xeral e o remitirá, informado pola intervención e cos anexos e documentación complementaria detallados no apartado 1 do artigo 166 e no presente artigo, ao Pleno da Corporación antes do día 15 de outubro para a súa aprobación, emenda ou devolución.

5.- O acordo de aprobación, que será único, deberá de detallar os presupostos que integran o presuposto xeral non podendo aprobarse ningún de eles separadamente.

Artigo 169. Publicidade, aprobación definitiva e entrada en vigor.

1. Aprobado inicialmente o presuposto xeral, exporase ao público, previo anuncio no boletín oficial da provincia ou, no seu caso, da Comunidade Autónoma uniprovincial, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalos e presentar reclamacións ante o Pleno. O presuposto considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se houberan presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo de un mes para resolvelas.

2. A aprobación definitiva do presuposto xeral polo Pleno da Corporación deberá realizarse antes do día 31 de decembro do ano anterior ao do exercicio no que deba aplicarse.

3. O presuposto xeral, definitivamente aprobado, será inserido no boletín oficial da Corporación, se o tivera, e, resumido por capítulos de cada un dos presupostos que o integran, no da provincia ou, no seu caso, da comunidade autónoma uniprovincial.

4. Do presuposto xeral definitivamente aprobado remitirase copia a Administración do Estado e á correspondente Comunidade Autónoma. A remisión realizarase simultaneamente ao envío ao boletín oficial a que se refire o apartado anterior.

5.- O presuposto entrará en vigor, no exercicio correspondente, unha vez publicado na forma prevista no apartado 3 deste artigo.

6.- Se ao iniciarse o exercicio económico non houbera entrado en vigor o presuposto correspondente, considerárase automaticamente prorrogado o do anterior, cos seus créditos iniciais, sen prexuízo das modificacións que se realicen conforme ao disposto nos artigos 177, 178 e 179 desta lei e ata a entrada en vigor do novo presuposto. A prórroga non afectará aos créditos para servizos ou programas que deban concluír no exercicio anterior ou que estean financiados con crédito ou outros ingresos específicos ou afectados.

7.- A copia do presuposto e das súas modificacións deberá atoparse a disposición do público, a efectos informativos, dende a súa aprobación definitiva ata a finalización do exercicio.”

A aprobación do orzamento municipal 2021 seguiu a tramitación establecida nos artigos 168 e 169 do TRLRFL, estando neste momento no trámite de resolución de alegacións e aprobación definitiva. A competencia para a resolución de alegacións e aprobación definitiva corresponde o pleno do concello, sen quórum especial, tal e como resulta do artigo 169.2 TRLRFL e 22 e 47 da LRBRL.

Segundo. Lexitimación do sindicato para a presentación de alegacións durante o trámite de exposición pública do orzamento.

Para os efectos do disposto no artigo 169.1 TRLRFL, o artigo 170 do citado texto refundido preceptúa no seu punto 1 que terán a consideración de interesados:

“ (.....) c) Os colexios oficiais, cámaras oficiais, sindicatos, asociacións e demais entidades legalmente constituídas para velar por intereses profesionais ou económicos e veciñais, cando actúen en defensa dos que lles son propios.”

Do que se deriva a lexitimación dos sindicatos para a presentación de alegacións durante o trámite de exposición pública do orzamento, ao actuar en defensa dos intereses citados que lle son propios.

Terceiro. Contido da alegación.

O contido da alegación do Sindicato Comarcal de Galicia - Barbanza da FSC de CCOO é do seguinte teor literal: “Non concretándose ningunha partida orzamentaria para dar cumprimento

ao establecido no Convenio Colectivo do Persoal Laboral do Concello de Brión 2019- 2020, que na súa Cláusula Adicional Undécima di: “Nos orzamentos dos exercicios dos anos 2019-2020 dotaranse as partidas orzamentarias precisas co fin de proceder á distribución do Complemento de Produtividade ao persoal laboral, nos mesmos termos que ao persoal funcionario. Solicitamos, a inclusión no Orzamento do Concello de Brión 2021 da partida orzamentaria para dar cumprimento ao anteriormente exposto.”

Examinado o contido da alegación estamos diante dun dos motivos de alegacións do orzamento municipal recollidos no artigo 170.2.b do TRLRFL.

Artigo 170 do TRLRFL.

“ (.....) 2. Unicamente poderán entaborearse reclamacións contra o presuposto: (.....) b) Por omitir o crédito necesario para o cumprimento de obrigacións esixibles á entidade local, en virtude de precepto legal ou de calquera outro título lexítimo. (.....)”

Con relación o contido da alegación proceden as seguintes consideracións:

**A.- Réxime Xurídico do persoal laboral.**

O réxime xurídico do persoal laboral está contido na normativa laboral. O artigo 7 do TRLEBEP determina a normativa aplicable ao persoal laboral e textualmente sinala:

“O persoal laboral ao servizo das Administracións Públicas réxese, ademais de por a lexislación laboral e polas demais normas convencionalmente aplicables, polos preceptos deste Estatuto que así o dispoñan”.

No seu artigo 11 establece que:

“É persoal laboral o que en virtude de contrato de traballo formalizado por escrito, en calquera das modalidades de contratación de persoal previstas na Lexislación laboral, presta servizos retribuídos polas Administracións Públicas[...]”.

**B.- Retribucións do persoal laboral.**

En relación coas retribucións do persoal laboral, o artigo 26.3º do TRLET, sinala que:

“Mediante a negociación colectiva ou, na súa falta, o contrato individual, determinarase a estrutura do salario, que deberá comprender o salario base, como retribución fixada por unidade de tempo ou de obra e, no seu caso, complementos salariais fixados en función de circunstancias relativas ás condicións persoais do traballador, ao traballo realizado ou á situación e resultados da empresa, que se calcularán conforme aos criterios que para ese efecto se pacten. Igualmente pactarase o carácter consolidable ou non dos devanditos complementos salariais, non tendo o carácter de consolidables, salvo acordo en contrario, os que estean vinculados ao posto de traballo ou á situación e resultados da empresa”.

De feito, o propio TRLEBEP, no seu artigo 27, ao regular as retribucións do persoal laboral, prescribe “As retribucións do persoal laboral determinaranse de acordo coa lexislación laboral, o convenio colectivo que sexa aplicable e o contrato de traballo, respectando en todo caso o establecido no artigo 21 do presente Estatuto”.

Este artigo 21 do TRLEBEP establece:

“1. As contías das retribucións básicas e o incremento das contías globais das retribucións complementarias dos funcionarios, así como o incremento da masa salarial do persoal laboral, deberán reflectirse para cada exercicio orzamentario na correspondente lei de orzamentos.

2. Non poderán acordarse incrementos retributivos que globalmente supoñan un incremento da masa salarial superior aos límites fixados anualmente na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o persoal.”

**C.- Límite global consignado para a produtividade do persoal laboral (outros incentivos ao rendemento) e aprobado polo Pleno Corporativo nos correspondentes Orzamentos.**

O Convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Brión, no seu artigo 39.2 relativo ás retribucións complementarias, refírese na letra c) ao complemento de produtividade nos seguintes termos:

“(.....) c) O complemento de produtividade destinado a retribuír o especial rendemento, a actividade extraordinaria e o interese ou iniciativa con que o traballador desempeña o seu traballo. O límite global da súa contía será fixado nos orzamentos anuais. A súa asignación, que corresponderá á Alcaldía, realizarase conforme criterios obxectivo de reparto e asignación individualizada. Os devanditos criterios serán obxecto de negociación coa representación legal dos traballadores e posterior aprobación por parte do Pleno. As cantidades que perciba cada traballador serán públicas. Trala entrada en vigor do presente Acordo, as partes asinantes do mesmo comprométese a iniciar, coa maior brevidade posible, un proceso de negociación dos criterios de regulación e reparto do Complemento de Produtividade.”

Cómpre analizar as normas orzamentarias estatais, que, para o que a este informe interesa, regularon os límites ao incremento das retribucións dos empregados públicos para os anos 2019 e 2020. Tales normas son:

- Real Decreto-lei 24/2018, do 21 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións non ámbito do sector público:

“Artigo 3. Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica en materia de gastos de persoal ao servizo do sector público.

Un. A efectos do establecido no presente Capítulo, constitúen o sector público: [...] c) As Corporacións locais e Organismos delas dependentes. [...]

Dous. No ano 2019, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 2,25 por cento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2018, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo e sen considerar a tales efectos os gastos de acción social que, en termos globais, non poderán experimentar ningún incremento en 2019 respecto dos de 2018.

A este respecto, considérase que os gastos en concepto de acción social son beneficios, complementos ou melloras distintos ás contraprestacións polo traballo realizado cuxa finalidade é satisfacer determinadas necesidades consecuencia de circunstancias persoais do citado persoal ao servizo do sector público.

Ademais do anterior, si o incremento do Produto Interior Bruto (PIB) a prezos constantes en 2018 alcanzase ou superase o 2,5 por cento engadiríase, con efectos do 1 de xullo de 2019, outro 0,25 por cento de incremento salarial.

Para un crecemento inferior ao 2,5 por cento sinalado, o incremento diminuirá proporcionalmente en función da redución que se produciu sobre este 2,5 por cento, de maneira que os incrementos globais resultantes serán:

PIB igual a 2,1: 2,30 %.

PIB igual a 2,2: 2,35 %.

PIB igual a 2,3: 2,40 %.

PIB igual a 2,4: 2,45 %.

Para os efectos do disposto neste apartado, no que a incremento do PIB refírese, considerarase a estimación avance do PIB de cada ano publicada polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

Unha vez publicado o avance do PIB polo INE e, previa comunicación á Comisión de Seguimento do Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo do 9 de marzo de 2018, mediante Acordo do Consello de Ministros aprobarase, no seu caso, a aplicación do incremento.

Do citado Acordo darase traslado ás Comunidades Autónomas, ás Cidades Autónomas e á Federación Española de Municipios y Provincias.

Ademais, poderase autorizar un incremento adicional do 0,25 por cento da masa salarial para, entre outras medidas, a implantación de plans ou proxectos de mellora da produtividade ou a

eficiencia, a revisión de complementos específicos entre postos con funcións equiparables, a homologación de complementos de destino ou a achega a plans de pensións.

Nas Administracións e resto de entidades do sector público definido neste artigo en situación de superávit orzamentario no exercicio 2018, este incremento adicional poderá alcanzar o 0,3 por cento.

Tres. No sector público poderanse realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos, sempre que non se supere o incremento global fixado no apartado Dous anterior.

Catro. A masa salarial do persoal laboral, que poderá incrementarse na porcentaxe máxima previsto no apartado Dous deste artigo, en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación, está integrada polo conxunto das retribucións salariais e extrasalariais percibidas polo este persoal no ano anterior, tendo en conta o incremento anual consolidado do 1,75 por cento autorizado para 2018.

Exceptúanse, en todo caso:

- a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- b) As cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.
- c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.
- d) As indemnizacións ou suplidos por gastos que realizase o traballador. [...]

Oito. Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores aos fixados neste artigo deberán experimentar a oportuna adecuación, devindo inaplicables as cláusulas que se opoñan ao mesmo. [...]

Once. Este artigo ten carácter básico e dítase ao amparo dos artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 156.1 da Constitución. Ademais, o apartado Tres dítase en aplicación do disposto no artigo 29 do EBEP."

- Real Decreto-lei 2/2020, do 21 de xaneiro de 2020, polo que se aproban medidas urxentes en materia de retribucións no ámbito do sector público.

"Artigo 3. Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica en materia de gastos de persoal ao servizo do sector público.

Un. A efectos do establecido no presente Capítulo, constitúen o sector público: [...] c) As Corporacións locais e Organismos delas dependentes. [...]

Dous. No ano 2020, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 2 por cento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2019, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

Para estes efectos, nas retribucións de 2019 o incremento do 0,25 por cento vinculado á evolución do PIB considerárase, en cómputo anual.

Os gastos de acción social, en termos globais, non poderán experimentar ningún incremento en 2020 respecto dos de 2019.

A este respecto, considérase que os gastos en concepto de acción social son beneficios, complementos ou melloras distintos ás contraprestacións polo traballo realizado cuxa finalidade é satisfacer determinadas necesidades consecuencia de circunstancias persoais do citado persoal ao servizo do sector público.

Ademais do anterior, si o incremento do Produto Interior Bruto (PIB) a prezos constantes en 2019 alcanzase ou superase o 2,5 por cento engadiríase, con efectos do 1 de xullo de 2020, outro 1 por cento de incremento salarial.

Para un crecemento inferior ao 2,5 por cento sinalado, o incremento diminuirá proporcionalmente en función da redución que se produciu sobre este 2,5 por cento, de maneira que os incrementos globais resultantes serán:

PIB igual a 2,1: 2,20 %.

PIB igual a 2,2: 2,40 %.

PIB igual a 2,3: 2,60 %.

PIB igual a 2,4: 2,80 %.

Para os efectos do disposto neste apartado, no que a incremento do PIB refírese, considerarase a estimación avance do PIB de cada ano publicada polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

Unha vez publicado o avance do PIB polo INE e, previa comunicación á Comisión de Seguimento do Acordo para a mellora do emprego público e de condicións de traballo do 9 de marzo de 2018, mediante Acordo do Consello de Ministros aprobarase, no seu caso, a aplicación do incremento.

Do citado Acordo darase traslado ás Comunidades Autónomas, ás Cidades Autónomas e á Federación Española de Municipios y Provincias.

Ademais, poderase autorizar un incremento adicional do 0,30 por cento da masa salarial para, entre outras medidas, a implantación de plans ou proxectos de mellora da produtividade ou a eficiencia, a revisión de complementos específicos entre postos con funcións equiparables, a homologación de complementos de destino ou a achega a plans de pensións.

Tres. No sector público poderanse realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos, sempre que non se supere o incremento global fixado no apartado Dous anterior.

Catro. A masa salarial do persoal laboral, que poderá incrementarse na porcentaxe máxima previsto no apartado dous deste artigo, en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación, está integrada polo conxunto das retribucións salariais e extrasalariais percibidas polo este persoal no ano anterior, tendo en conta, en cómputo anual, o incremento vinculado á evolución do PIB autorizado en 2019.

Exceptúanse, en todo caso:

- a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- b) As cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.
- c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.
- d) As indemnizacións ou suplidos por gastos que realizase o traballador. [...]

Oito. Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores aos fixados neste artigo deberán experimentar a oportuna adecuación, devindo inaplicables as cláusulas que se opoñan ao mesmo. [...]

Once. Este artigo ten carácter básico e dítase ao amparo dos artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 156.1 da Constitución. Ademais, o apartado Tres dítase en aplicación do disposto no artigo 29 do EBEP.”

As contías orzadas para os exercicios 2019 e 2020 nas aplicacións do complemento de produtividade do persoal laboral (outros incentivos ao rendemento), código de clasificación económica 152.00, respectaron os incrementos retributivos establecidos nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado, así como a masa salarial do persoal laboral.

E segundo o artigo 39.2.c) do Convenio Colectivo do persoal laboral deste Concello, dita contía orzada aprobada polo Pleno Corporativo coa aprobación dos Orzamentos constitúe o límite global da produtividade a distribuír pola Alcaldía en base aos criterios de reparto igualmente aprobados.

Sí se contemplan no proxecto de Orzamento municipal 2021 as partidas orzamentarias para o complemento de produtividade do persoal laboral (outros incentivos ao rendemento, código de clasificación económica 152.00) nos correspondentes programas, e a contía orzada por este concepto, respecta o incremento retributivo máximo e a masa salarial establecidos na Lei 11/2020, do 30 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2021.

Así o seu artigo 18 sinala:

“Artigo 18. Bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica en materia de gastos de persoal ao servizo do sector público.

Un. A efectos do establecido no presente Capítulo, constitúen o sector público: [...] c) As Corporacións locais e Organismos delas dependentes. [...]

Dous. No ano 2021, as retribucións do persoal ao servizo do sector público non poderán experimentar un incremento global superior ao 0,9 por cento respecto das vixentes a 31 de decembro de 2020, en termos de homoxeneidade para os dous períodos da comparación, tanto polo que respecta a efectivos de persoal como á antigüidade do mesmo.

Os gastos de acción social non poderán incrementarse, en termos globais, respecto dos de 2020.

A este respecto, considérase que os gastos en concepto de acción social son beneficios, complementos ou melloras distintos ás contraprestacións polo traballo realizado cuxa finalidade é satisfacer determinadas necesidades consecuencia de circunstancias persoais do citado persoal ao servizo do sector público.

Tres. No sector público poderanse realizar achegas a plans de pensións de emprego ou contratos de seguro colectivos sempre que non se supere o incremento global fixado no apartado anterior.

Catro. A masa salarial do persoal laboral, que poderá incrementarse na porcentaxe máxima previsto no apartado Dous deste artigo, en termos de homoxeneidade para os dous períodos obxecto de comparación, está integrada polo conxunto das retribucións salariais e extrasalariais percibidas polo este persoal no ano anterior.

Exceptúanse, en todo caso:

- a) As prestacións e indemnizacións da Seguridade Social.
- b) As cotizacións ao sistema da Seguridade Social a cargo do empregador.
- c) As indemnizacións correspondentes a traslados, suspensións ou despedimentos.
- d) As indemnizacións ou suplidos por gastos que realizase o traballador. [...]

Oito. Os acordos, convenios ou pactos que impliquen crecementos retributivos superiores aos fixados neste artigo deberán experimentar a oportuna adecuación, devindo inaplicables as cláusulas que se opoñan ao mesmo. [...]

Once. Este artigo ten carácter básico e dítase ao amparo dos artigos 149.1.13.<sup>a</sup> e 156.1 da Constitución. Ademais, o apartado Tres dítase en aplicación do disposto no artigo 29 do EBEP.”

Á vista da normativa exposta, considérase que non é posible realizar o incremento da partida de produtividade do persoal laboral (outros incentivos ao rendemento) mais aló do consignado no proxecto de Orzamento municipal 2021 xa que realizar dito incremento con respecto á orzamentada no 2020 suporía un incumprimento dos límites en materia retributiva dos empregados públicos nos termos expostos.

Mentres se manteñan os referidos límites en materia retributiva nas correspondentes leis de orzamentos xerais do Estado, o convenio colectivo do persoal laboral do Concello de Brión debería experimentar a oportuna adecuación, devindo inaplicable as cláusulas do mesmo que se opoñan a ditas leis, todo elo de conformidade co disposto no artigo 3, apartado Oito, do Real Decreto-lei 24/2018, do 21 de decembro, artigo 3, apartado Oito, do Real Decreto-lei 2/2020, do 21 de xaneiro de 2020 e artigo 18, apartado Oito, da Lei 11/2020, do 30 de decembro.

#### 4.- CONCLUSIÓN:

En base ao exposto ao longo deste informe procede desestimar a alegación do Sindicato Comarcal de Galicia - Barbanza da FSC de CCOO con rexistro de entrada REGAGE21e00006211317 do 30.04.2021, e aprobar definitivamente o orzamento municipal 2021.

Se considera por esta alcaldía, consonte co informe sinalado, que a alegación do interesado debe ser desestimada, polo que propoño ao Pleno a adopción do seguinte acordo:



**1º)** Desestimar a alegación presentada polo Sindicato Comarcal de Galicia - Barbanza da FSC de CCOO, polos motivos expostos no informe da intervención municipal.

**2º)** Aprobado definitivamente o orzamento para 2021, as súas bases de execución e o cadro de persoal para dito exercicio, aprobado inicialmente por acordo do Pleno do 21 de abril de 2021, debendo publicarse resumido por capítulos no BOP, xunto co cadro de persoal. Do orzamento xeral definitivamente aprobado remitirase copia á Administración do Estado e á CCAA simultaneamente ao envío ao Boletín Oficial do anuncio para a publicación da aprobación definitiva.

**3º)** Aprobado a seguinte corrección de erro material no anexo de subvencións nominativas do orzamento, que afecta so á denominación dun beneficiario, de xeito que onde di: Club de Atletismo Brión, con CIF:G70604590, debe dicir: Club Deportivo Brión, con CIF: G70604590.

**4º)** Notificar este acordo ao interesado para o seu coñecemento e efectos.

Debate:

O Sr. Concelleiro Souto Castiñeira sinala que manteñen a abstención do seu grupo manifestada no Pleno de aprobación inicial.

Votación e resultado:

Sometida a votación a proposta ditaminada, dáse o seguinte resultado:

Votos a favor: 7, pertencentes ao grupo municipal do PSG-PSOE (7).

Votos en contra: 0.

Abstencións: 4, pertencentes aos grupos municipais do PP (2) e BNG (2).

Queda aprobada a proposta ditaminada nos seus propios termos.

O Sr. Alcalde declara rematado o acto, e a sesión foi levantada sendo as trece horas e catorce minutos, procedéndose a redactar a acta, de todo o cal eu, como secretario, dou fe.

O alcalde  
Vº e Prace

O secretario

Pablo Lago Sanmartín

Javier Nieves González